O dianteiro coruñés fichou polo Club Deportivo Boiro, conxunto que levaba meses buscando un xogador capaz de darlle un salto de calidade ao ataque. O que atopou foi moito máis ca iso: atopou un futbolista de categoría superior, un dianteiro capaz de decidir partidos desde calquera posición ofensiva.

José Tizón tiña claro o perfil que precisaba e non dubidou en apostar forte. O esforzo tivo recompensa: Adri rexeitou ofertas de divisións máis altas porque sentía que era o momento de volver a un proxecto galego no que crer, a un club que lle transmitía confianza.

Un talento que o Dépor deixou escapar

A traxectoria de Adri Castro sempre estivo marcada polo potencial inmenso que mostrou desde a base. Medrou no Deportivo desde benxamíns ata o Fabril, brillou cedido no Ourense CF e chegou ao primeiro equipo na tempada 2020/21, mantendo un papel determinante no filial.

Todo indicaba que estaba preparado para consolidarse... ata que o club entrou nun período de malas decisións na xestión da canteira. Coa saída de Barral da dirección deportiva e a entrada de Carlos Rosende, o seu futuro torceuse sen motivo deportivo ningún.

O día que comezou a pretempada 2021/22 recibiu unha chamada inesperada: non debía presentarse ao adestramento porque o club quería rescindir un contrato renovado un par de meses antes. Un golpe duro e totalmente inxusto para un xogador formado na casa.

A pesar diso, Adri fixo o que fan os futbolistas de verdade: sobrepoñerse.

A etapa austríaca: fútbol, madurez e ascenso

Tras pasar pola Segunda RFEF, Adri marchou a Austria para demostrar que seguía sendo o mesmo dianteiro competitivo de sempre. No Wels xogou dúas tempadas completas como titular indiscutible, sendo clave no ascenso do equipo no seu segundo ano. O seu rendemento foi constante e decisivo. No curso actual continuaba no club, pero o parón da competición ata marzo fíxolle ver con claridade que era o intre perfecto para regresar. Galicia chamábao, e o Boiro ofreceulle un proxecto onde medrar e competir con ambición.



O Boiro incorpora un xogador capaz de marcar diferenzas

Adri Castro non chega para buscar un novo comezo: chega no mellor momento da súa carreira, con experiencia, personalidade e un sentido do gol que non se aprende. Pode xogar como nove, como extremo, como segundo dianteiro ou por detrás do punta, sempre achegando presenza ofensiva.

O obxectivo está claro: pelexar polo ascenso a Segunda RFEF. E Adri encaixa á perfección nun equipo que necesitaba un futbolista capaz de decidir partidos e asumir responsabilidade.

Un camiño que aínda non dixo a última palabra

A historia recente do fútbol galego ofrece exemplos inspiradores: Ian Mackay ou Dani Rodríguez son os máis claros, xogadores que deron un paso hacia Terceira para coller impulso cara ao profesionalismo. Adri Castro ten talento e mentalidade para seguir esa mesma senda.

O Boiro acaba de sumar un diamante. Galicia recupera un goleador que nunca deixou de pertencer á súa terra. E Adri regresa coa convicción de quen sabe que o seu mellor fútbol aínda está por escribir. O seu momento chegou. E vén con forza.

ZERO
LATENCY VR

arvi
VR

Av. Do Porto 3,
15003, A Coruña
www.zerolatencyvr.com



LOTERÍA NACIONAL

¿Y SI
CAE AQUÍ?



LOTERIAS LA FAVORITA

*"La Favorita os desea
Feliz Navidad y mucha suerte"*



Loterías y Apuestas
del Estado



981134043



Rúa Concepción arenal, 17.



ADMINISTRACION ELVIÑA

"Felices Fiestas"



981249945



Avenida Pablo Picasso, 1



PODES XOGAR ONLINE EN: www.loteriariadoburgo.es

RÍA DO BURGO
ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS

XA Á VENDA
A LOTERÍA DO NENO

PODES SEGUIRNOS NAS NOSTRAS REDES SOCIAIS

BO NADAL E FELIZ ANINOVO

XOGA CON RESPONSABILIDADE
PROHIBIDA A VENDA A MENORES

981660125 admon@loteriariadoburgo.net
Avda. da Coruña 14, O Burgo (Culleredo)



— LOTERÍAS —
LA MARISMA



Estrada da Praia, 30 - B
15630 MIÑO (A Coruña)



ADMINISTRACIÓN DE LOTERIAS Nº 48

Tel. y Fax: 981 142 389

Avda. Gran Canaria, 3 - 15011 A CORUÑA

info@loteriaselgatonegro.com

www.loteriaselgatonegro.com



Loterías IRENE

ADMINISTRACIÓN Nº 1

Avda. Finisterre, 29
15129 Vimianzo - A Coruña
Telf. 981 71 60 73
Email: loterias.irene@gmail.com
Club Online: 29455

O FABRIL ATRAVESA O MOMENTO MÁIS DELICADO DA TEMPADA

O filial mantense en postos de play-off malia a mala xeira de resultados e ás múltiples baixas que condicionaron o seu rendemento.

O Fabril atravesará un tramo complexo, marcado polas lesións e polas constantes chamadas do primeiro equipo, que deixaron ao filial sen algunhas das súas pezas máis influentes. O impacto na competición é evidente: nos últimos oito partidos só foi quen de gañar un, sumando sete puntos de vinte e catro posibles, unha cifra claramente inferior ao nivel de rendemento amosado polo equipo nos meses iniciais.

A pesar da mala xeira de resultados, o filial non está a competir mal. O equipo ofrece boas prestacións en case todos os encontros, mantén intensidade e personalidade, pero carece da fortuna necesaria nos momentos decisivos de cada partido. Pequenos detalles, erros puntuais ou accións individuais están a marcar a diferenza nunha categoría sempre axustada e esixente.

A clasificación, con todo, ofrece un panorama menos dramático do que podía parecer: o Fabril continúa en postos de play-off e sitúase a só tres puntos do liderado, unha mostra de que, malia as dificultades, o grupo mantén unha liña competitiva sólida e está en condicións de recuperar impulso en canto recupere efectivos.

As boas noticias: regresos clave no momento oportuno

A mellor nova das últimas semanas chega desde a enfermaría. Manu Ferreiro regresou aos terreos de xogo despois de medio ano de baixa, un retorno importantísimo para fortalecer unha plantilla curta de efectivos.

Tamén reapareceu Noé, ausente durante varias semanas por lesión. A súa baixa coincidiu co inicio da mala dinámica, algo que non semella casual: o mediocentro é un futbolista diferencial, esencial para o equilibrio do equipo e para o plan de xogo de Manuel Pablo. A súa presenza achega criterio, saída de balón e chegada, un perfil que o Fabril non puido suplir con garantías durante o seu parón obrigatorio.

A recuperación destes dous futbolistas debería permitirlle ao filial mellorar os seus rexistros defensivos e ofensivos, ao tempo que devolve ao adestrador máis variantes para construír once competitivos partido tras partido.

Dúas finais antes do parón

O calendario tampouco axuda neste treito decisivo. Antes do parón de Nadal, o Fabril afrontará dous encontros de máxima esixencia:



- Numancia en Soria, un rival histórico e fortísimo na casa.
- Real Ávila en Abegondo, un equipo que compite ao límite e pelexa polos mesmos obxectivos.

Dous partidos que poden servir tanto para pechar o ano reforzando confianza como para profundar nas dúbidas se non se compite ao nivel habitual. O equipo é consciente da importancia destes choques e sabe que, coa recuperación das pezas clave, está en condicións de dar un paso adiante e volver á senda dos resultados positivos.

O Fabril non perdeu a súa identidade nin o seu potencial. Só necesita estabilidade, continuidade de efectivos e algo máis de acerto. O talento está aí; toca agora transformar o esforzo en puntos.

PLAGUIBOOM

DESINFECCIONES • DESINSECTACIONES • DESRATIZACIONES
TRATAMIENTOS DE PLAGAS DE LA MADERA
MANUAL DE CONTROL DE PUNTOS CRÍTICOS (APCC)
CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS

MANUEL GARCÍA 670 443 011
881 106 852 plaguiboomb@gmail.com www.plaguiboomb.com
RÚA OTERO PEDRAIO, 8 BAJO - O TEMPLE - CAMBRE (A CORUÑA)
RÚA AVELINO CACHAFEIRO - SAN PEDRO DE NÓS

DECORACIONES DE INTERIORES

José Luis

Pintura Estores Cortinas Alfombras
Papel Decoración Diseños Asesoramiento

Información **630 692 132**

IP ELECTRICIDAD

INSTALACIONES ELÉCTRICAS - ILUMINACIÓN LED
MANTENIMIENTO DE COMUNIDADES
PORTEROS AUTOMÁTICOS Y VIDEOPORTEROS
MOTORES AUTOMÁTICOS - REFORMAS INTEGRALES
ENERGÍAS RENOVABLES - PLACAS SOLARES

Servicio urgente en averías

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO
INSTALADOR AUTORIZADO
BTB3000398

IVÁN PEDREIRA - MÓVIL: 660 080 347 | IPELECTRICIDAD@YAHOO.COM / WWW.IPELECTRICIDAD.COM

O DEPOR ABANCA COLLE AIRE E LÁNZASE HACIA UNHA MELLORA NECESARIA

A terceira vitoria outórgalle ás branquiazuis un respiro necesario nunha liga moi esixente.

O Dépor Abanca reaccionou no momento oportuno e conseguiu a terceira vitoria da tempada, un triunfo que permitiu ao equipo acadar os trece puntos e establecer unha marxe de oito sobre a zona de descenso. Non é un colchón definitivo, pero si unha vantaxe significativa que dá respiro e permite competir con máis claridade de ideas e menor presión. As xogadoras de Fran Alonso suman seis puntos dos últimos nove posible, unha pequena xeira positiva que chega nun intre clave.

A gran protagonista do encontro ante o Granada foi Ainhoa Marín, autora dos dous goles do partido nos minutos 42 e 66. A atacante branquiazul está a botarse o equipo ás costas cando máis se precisa, asumindo galóns e demostrando, unha vez máis, por que é unha das futbolistas máis determinantes da categoría. A súa eficacia e personalidade déronlle ao equipo esa pegada que tantas veces marca a diferenza na Liga F.

O partido tamén deixou unha imaxe especial: o retorno de Irene Ferreras a Riazor, a adestradora do histórico ascenso do Dépor Abanca, agora á fronte do Granada. Un reencontro emotivo pero, ao mesmo tempo, marcado pola necesidade deportivista de sumar puntos vitais.

Aínda queda moita liga por diante, e neste equipo non caben as confianza. O calendario inmediato tampouco concede tregua. Antes do parón, o Dépor afrontará un dobre duelo ante a Real Sociedad: primeiro en terras vascas nun partido de liga, e posteriormente en Riazor na eliminatoria da Copa da Raíña. O cadro txuri-urdin chega nun momento espectacular, situado na terceira praza da clasificación e a só dous puntos do Real Madrid, polo que o reto será tan esixente como estimulante para medir o crecemento recente das herculinas. O Dépor Abanca respira, medra e colle impulso. Agora tócalle consolidalo.



Ursula Cacharrón
quiromasaje

Síguenos en



Paseo de la Dársena 22 - 15001 A Coruña

608 001 141



www.aguasdoparanocoruna.es

Aitor
Distribuciones

Aguas do
Paraño

698-179-888

aitor@aguasdoparanocoruna.es

**AGUA EMBOTELLADA
REPARTO A DOMICILIO,
EMPRESAS, ALQUILER Y
VENTA DE FUENTES Y
DISPENSADORES**

Rúa Bel 10C Polígono Espírito Santo
15165 Bergondo (La Coruña)



ε113
restaurante

UN RESTAURANTE CON VISTAS AL MAR,
SITUADO EN UN SITIO TRANQUILO Y APACIBLE

T: 981 923 213

info@restauranteel13.es - www.restauranteel13.es

Rúa do castelo 3 . 15179 Oleiros A Coruña



VISITANTE REAL SOCIEDAD B



CONSTRUCCIONES DE GALICIA
CONDEGA, S.L.

TRABAJOS DE DESAMIENTADO
RERA15/137

981 242 579

PRESUPUESTOS SIN COMPROMISO

Brasil, 10 Bajo (Zona Estación de Autobuses)
15009 La Coruña E-Mail: contacto@condegas.com
www.condegas.com

LATITUD
43° 18' 17"

Atemporal different place

Rua das Flores, 4 - Paseo do Balneario - 14142 - Arteixo (A Coruña)

686 823 045

Supermercados COVIRAN

Camuza - SEAIA
MALPICA DE BERGANTINOS

SUPER M.M.

SERVICIO A DOMICILIO
E-MAIL mmomellor@hotmail.com

TELF.
981 72 16 01
619 22 02 86

Vinoteca TABERNA XXI Restaurante

Rúa Río de Canles 1
15.175 - Carral (A Coruña)

981 671 370

Miércoles, Jueves y Domingo
Abierto de 12:00 a 17:00

Viernes y Sábado
Abierto de 12:00 a 17:00 y de 20:00 a 01:00

Lunes y Martes Cerrado

Postre casero, fruta, yogur o helado
13.5 € sin café y con café 15 € con café

Carne madurada · Comida tradicional Gallega · Pescados · Mariscos · Amplia bodega · Destilados



REAL SOCIEDADE B, UN FILIAL QUE CHEGA A RIAZOR SEN COMPLEXOS

O talento da fábrica txuri-urdin, un dos viveiros máis potentes do fútbol español, medirá ao Dépor nun encontro cheo de perigo e identidade.

A cantera txuri-urdin consolidouse na última década como unha das máis produtivas e envexadas de España. A Real Sociedad, un club exemplar na construción de identidade a través da base, leva anos formando futbolistas de primeiro nivel nun proceso continuo e cada vez máis perfeccionado. O seu filial é a demostración máis clara: un proxecto sólido, recoñecido e capaz de abastecer de forma constante ao primeiro equipo.

Desta escola saíron recentemente xogadores de alcance mundial como Mikel Merino, Zubimendi ou Oyarzabal, internacionais absolutos e pezas fundamentais tanto nos seus clubs como na Selección Española. Son a punta visible dunha pirámide de traballo meticuloso que non deixou de producir talento e que mantén á Real entre os modelos máis admirados do país.

A nova xeración non lle vai á zaga. A Real B chega a Riazor como un bloque fresco, atrevido e formado por futbolistas que xa apuntan alto. O pasado curso lograron un brillante ascenso desde Primeira RFEF, regresando a Segunda con autoridade, personalidade e un estilo moi definido. Esta tempada están a competir a bo nivel, aínda que fóra da casa lles custa un pouco máis, algo habitual nun filial composto por xogadores moi novos que seguen a medrar a base de minutos e esixencia.

Nomes como Aitor Fraga, gardameta de enorme proxección; Peru Rodríguez, lateral de percorrido; Tomás Carbonell ou Lander Astiazarán, dous defensas de estrutura moderna; ou os talentosos Jon Balda e Gorka Carrera, auténticas xoias pola que xa preguntan clubs de nivel superior, conforman un equipo tan estimulante como perigoso. Moitos deles acabarán dando o salto ao primeiro equipo ou, como mínimo, estreándose na elite nalgún club de Primeira División.

O filial txuri-urdin chegará a Riazor sen complexos, disposto a competir e a demostrar que o seu modelo formativo funciona nunha das prazas máis esixentes da categoría. Para o Deportivo non será nin moito menos un trámite: será un encontro de lectura singular, no que a intensidade, a paciencia e o control das fases do xogo serán determinantes.

A Real Sociedad B mestura descaro, talento e unha formación táctica moi avanzada para a idade do plantel. É un rival moi incómodo, dinámico e con moita capacidade para castigar calquera erro. O Deportivo deberá ofrecer unha versión seria e consistente para evitar sustos ante un equipo que, como sucede historicamente cos filiais, é capaz de sacar a súa mellor versión cando se sente liberado.



CANALONES
de aluminio, cobre y cinc
FABRICACIÓN EN LA PROPIA OBRA
ASTRAY



Alfoli, 7 - BETANZOS (A Coruña)



658 471 455 - 665 386 685



- Creación de empresas
- Alta autónomos
- Confección - presentación Impuestos
- Declaración de la Renta

info@bcjasesoria.es

- Transferencia de Vehículos
- Seguros Generales
- Inmobiliaria
- Administración de Fincas

Teléfono: [981 92 3333](tel:981923333)

C/ Nicomedes Pastor Diaz, 6 15006 A Coruña

www.bcjasesoria.es

AITOR FRAGA, O GUARDIÁN DO FUTURO TXURI-URDIN

Un porteiro de futuro que xa lidera á Real Sociedad B e que apunta a dar o salto ao fútbol profesional máis cedo que tarde.

Aitor Fraga (22 anos) consolidouse esta tempada como unha das pezas fundamentais da Real Sociedad B. O porteiro vasco, formado nos últimos anos na estrutura de Zubieta, está a asinar un curso que confirma todas as expectativas postas nel desde as categorías inferiores. A súa presenza na portaría non só achega seguridade, senón tamén unha personalidade impropia da súa idade, converténdose nun dos líderes silenciosos dun filial que compite sen complexos en Segunda División.

Co paso das xornadas, Fraga transformouse nun dos grandes nomes propios da competición: regularidade, fiabilidade e un catálogo de recursos técnicos que explican por que en Donosti consideran que ten as portas abertas hacia o primeiro equipo.

Reflexos, lectura de xogo e un perfil moderno

O estilo de Aitor Fraga encaixa á perfección no fútbol que busca a Real. É un porteiro completo, cun dominio notable do xogo de pés, imprescindible para unha saída fluída en curto, e capaz tamén de activar transicións rápidas cando o partido o demanda.

A súa capacidade para anticipar xogadas, ler a acción antes que os rivais e colocarse sempre un segundo antes no sitio adecuado deixan claro que este porteiro é un verdadeiro seguro atrás. Ademais, destaca pola rapidez nos reflexos en distancias curtas, un aspecto clave para o que require o xogo dun filial que adoita exporse con valentía con moitos xogadores por diante do balón.

Non é casualidade que moitos o definan como un porteiro "de equipo grande": transmite seguridade, compite con confianza e non se esconde en escenarios de máxima presión.

Un dos piares da Real Sociedad B

A Real B é un proxecto ambicioso e pensado para formar futbolistas con futuro inmediato no fútbol profesional. O papel de Fraga nel é absolutamente central. É titular indiscutible nun grupo cheo de talento e que esta tempada volve demostrar que está preparado para competir ao máis alto nivel.

O seu impacto vai máis alá das paradas: ordena, fala, guía e mantén ao equipo sempre unido nos momentos difíciles. A súa madurez sorprende en xogadores tan novos e é unha das razóns polas que o filial txuri-urdin continúa asentado na categoría.



Moitos analistas coinciden en que a Real atopou en Fraga o tipo de porteiro que marca etapas: fiable agora, e cun potencial enorme para os próximos anos.

Un futuro que apunta moi alto

A evolución natural de Aitor sitúao cada vez máis preto da elite. O primeiro equipo observa moi de preto os seus pasos, consciente de que posúe condicións para dar o salto cando chegue o momento. Non é descartable que no curto prazo poida entrar nas dinámicas do primeiro equipo, pois ademais conta cun adestrador que aposta sen medo polo talento da casa.

O fútbol español tamén o segue con interese: con 22 anos e unha proxección tan clara, Aitor Fraga é xa considerado unha das maiores promesas nacionais na posición. Se mantén esta liña de crecemento, non tardará en chamar a atención de clubs de máximo nivel continental.



- Consultorio
- Tienda especializada
- Peluquería
- Diagnóstico por imagen
- Análisis
- Urgencias
- Servicio a domicilio

BÁRBARA SANZ MACEIN Colegiado 1278 C/ Sayoso n.º 39, Bajo · 15165 A Coruña T.: 627 666 594 · 981 794 268

Juan Flórez, 5 - bajo (Frente al Hotel Hesperia)
15004 A Coruña

Tlf.: 981 227 942

Avenida de Finisterre, 27 · 15004 A Coruña

Tlf.: 881 962 947



HORARIO:

Lunes a viernes de 10:00 a 21:00 h.

Sábados de 10:00 a 14:00 h.





ATTICA 21 HOTELS OAR CORUÑA: O SOÑO QUE XA NON SEMELLA UNHA UTOPIÁ

O equipo herculino está inmerso na pelexa polo liderado da División de Honra B.

O Attica 21 Hotels OAR Coruña non acusou en absoluto o salto de categoría. Lonxe de verse arrastrado á loita pola permanencia, o conxunto dirixido por Fernando González compite de ti a ti con calquera rival. A día de hoxe, só contabiliza dúas derrotas en doce xornadas disputadas e permanece a tan só dous puntos do liderado, cun partido menos xogado. Un escenario que podería parecer fantástico, pero que responde ao traballo silencioso de anos e a unha estrutura de club cada vez máis profesionalizada.

Pensar en ASOBAL son palabras maiores, certo, pero na Coruña xa ninguén descarta a gran badalada. Os números avalan esa ilusión: dez puntos de vantaxe sobre a zona perigosa e a sensación xeralizada de que a permanencia está practicamente asegurada antes de rematar a primeira volta. Unha fazaña extraordinaria para un debut nesta categoría.

Antes do parón de Nadal, o OAR afrontará aínda tres encontros de máxima esixencia: visitará Pamplona para medirse ao sempre competitivo Anaitasuna e recibirá en San Francisco Javier a dous históricos recentes da ASOBAL, Sinfín e Puerto Sagunto. Son tres probas duras, pero tamén tres partidos nos que este equipo xa demostrou que non se empequenece ante ninguén. Abonda con lembrar a Copa do Rei, onde estivo a un paso de eliminar ao Balonmano Nava, unha escadra da máxima categoría.

Ao fronte da entidade está Carlos Resch, un presidente que personifica a ambición dun proxecto que xa non pensa só en consolidarse, senón en romper teitos. O obxectivo confesable é seguir medrando; o soño, converterse no primeiro club da provincia da Coruña —non só da cidade— en alcanzar a elite do balonmán español. Non é o gran favorito, nin moito menos, pero é, sen dúbida, o club que máis ilusión transmite por conseguilo.

Un equipo que chegou para quedar; un proxecto que se atreve a crer no que antes semellaba imposible. O OAR Coruña xa non soña só: agora, fai soñar a toda unha cidade.





ABIERTO los 365 días de 09:00 h a 21:00 h.

O Sabor da Terra

Productos Artesanales de la Aldea,
Empanadillas y Empanadas de Bergondo,
Pan de Laracha, vinos cosecheros y
Mucho más en un cachiño de la ciudad Coruñesa

Praza Mestre Mateo, 5 - A CORUÑA ☎ 655 648 338
cachiño13@gmail.com @Cachinosabor





RESERVE SU MESA
☎ 639 364 484

Jornadas de la Calçotada en

Casa ASSUMPTA
TURISMO RURAL

Esperamos contar con su asistencia

Calçotadas desde mediados de enero los fines de semana y festivos al mediodía

Lg. Fontevila - Pantiñobre, s/n - Arzúa - A Coruña · www.casa-assumpta.com



WWW.JLPUBLICACIONES.COM



O LICEO MANTÉN O PULSO POLO LIDERADO E REAFIRMA A SÚA CANDIDATURA

O equipo herculino encadea catro vitorias seguidas e mantense a dous puntos da cabeza nunha OK Liga cada vez máis esixente.

O HC Liceo non afrouxa na súa loita polo liderado da OK Liga. A visita ao Caldes presentábase como un exame serio, pero o equipo respondeu con autoridade e solvencia, cun 0-4 que describe mellor ca ningunha crónica o nivel competitivo actual do conxunto verdibranco. Dava Torres, con dous tantos, volveu asumir galóns; Arnau Xaus e Toni Pérez completaron unha vitoria que mantén o Liceo na terceira praza, a apenas dous puntos da cabeza. Barça e Igualada comparten o primeiro posto, configurando un escenario no que xa ninguén discute que a disputa polo liderado na fase regular será cousa de tres. A clasificación non é un accidente. O equipo chega a este punto da tempada reforzado e en liña ascendente despois dun tramo moi positivo. Desde o 2 de novembro acumula catro triunfos consecutivos, unha serie que contrasta coa derrota sufrida precisamente ante o Igualada, nun partido no que o Liceo foi inferior e o resultado final (4-0) non deixou espazo para interpretacións. Aquele golpe, lonxe de debilitar ao grupo, activouno. A resposta posterior é a que distingue aos grandes clubs: corrección inmediata, recuperación de automatismos e un nivel defensivo e ofensivo moito máis estable. Hoxe o Liceo transmite fiabilidade, intensidade e unha identidade clara de xogo.

A pelexa polo primeiro posto promete ser longa e esixente. Barça e Igualada manteñen un ritmo moi alto, pero o Liceo xa demostrou que é capaz de competir cos mellores e sosterse nunha dinámica positiva durante varias semanas. O calendario das próximas xornadas será clave para medir ata onde pode chegar o equipo antes do tramo decisivo da competición. A percepción interna é clara: o Liceo está en condicións reais de loitar por todos os obxectivos marcados a principio de tempada.

No plano europeo, o equipo afrontaba ante o Sporting de Portugal un encontro determinante da WSE Champions League no momento de peche desta edición. A competición comezou con dúas xornadas nas que os coruñeses sumaron tres puntos: unha vitoria de mérito ante o Oliveirense en Riazor e unha derrota na pista do Barcelos, actual campión de Europa. O grupo é esixente, pero a resposta do Liceo está sendo acorde ao nivel da competición, mantendo vivas as súas opcións de avanzar.

A medida que avanza o curso, o Liceo continúa consolidando unha liña de rendemento seria, sostida e acorde ás aspiracións dun club histórico. Nada está decidido, pero a realidade é evidente: o equipo está na carreira polo liderado e con argumentos suficientes para pensar en metas maiores.



DANZA10STUDIO



981 918 898



GAMBRINUS 95, 15008, A CORUÑA

DANZA10
.COM

INFO@DANZA10.COM



CRISTAL
HOTELES

Los Hoteles Cristal 1 y 2 ofrecen a sus huéspedes una cálida bienvenida a la bahía coruñesa con vistas idílicas y sonidos oceánicos que dejan de lado el estrés de la ciudad e invitan a desconectar por completo.

+34 981 148 738

- Hotel Cristal 1: Rúa Venezuela, 1, 15011 A Coruña, España
- Hotel Cristal 2: Avd. San Roque de Afuera, s/n 15011 A Coruña - España
- hoteles-cristal.com
- reservas@hoteles-cristal.com



O EQUIPO CADETE FEMININO DE ESCOLA HC BRILLA NO GALEGO

O club coruñés veu de Padrón cun título autonómico feminino e unha competida cuarta praza masculina.

Escola HC asinou hai unhas semanas unha actuación brillante no Campionato Galego Cadete de ho queckey sala, celebrado no Pavillón do Grupo Escolar de Padrón, onde o club coruñés participou tanto na categoría feminina como na masculina.

CAMPIONAS DE GALICIA TRAS UN TORNEO IMPECABLE

O equipo feminino realizou un campionato moi sólido, sostido nun xogo convincente e unha regularidade que lle permitiu proclamarse campión galego. As coruñesas impuxéronse na clasificación final a Albor Ourense e Ourensticks, completando unha xornada que confirma o bo traballo da entidade.

Clasificación feminina:

- 1º Escola HC
- 2º Albor Ourense
- 3º Ourensticks

CUARTA PRAZA PARA O EQUIPO MASCULINO

No cadro masculino, Escola HC rematou na 4ª posición. O equipo non puido atopar o premio do resultado, aínda que deixou boas sensacións polo seu xogo e pola evolución mostrada ao longo da competición.

Clasificación masculina:

- 1º Barrocas Ourense
- 2º Albor Ourense
- 3º Ourensticks
- 4º Escola HC

AS CAMPIONAS, CENTRADAS XA NO SECTOR NACIONAL

Despois do título galego, o cadete feminino prepara agora a súa participación no Sector Nacional, que terá lugar na Coruña este mesmo fin de semana no Pavillón do Ventorrillo, coa presenza de equipos de Asturias, Cataluña, Andalucía e Euskadi.

Plantilla de Escola HC (cadete feminino): Marta, Aroa Vidal, Aroa Santos, Nira, Alba, Icia, Aroja, Arya e Natalia.



PARTIDOS DO SECTOR DO CAMPEONATO DE ESPAÑA (VENTORRILLO, A CORUÑA)

Sábado 13 de decembro

- 15:00 | RGC Covadonga A (Asturias) – Escola HC (Galicia)
- 16:10 | CD Terrassa (Cataluña) – CH Pechina (Andalucía)
- 17:20 | RC Jolaseta (Euskadi) – RGC Covadonga A (Asturias)
- 18:30 | Escola HC (Galicia) – CH Pechina (Andalucía)
- 19:40 | CD Terrassa (Cataluña) – RC Jolaseta (Euskadi)

Domingo 14 de decembro

- 09:00 | CH Pechina (Andalucía) – RGC Covadonga A (Asturias)
- 10:10 | RC Jolaseta (Euskadi) – Escola HC (Galicia)
- 11:20 | RGC Covadonga A (Asturias) – CD Terrassa (Cataluña)
- 12:30 | CH Pechina (Andalucía) – RC Jolaseta (Euskadi)
- 13:40 | Escola HC (Galicia) – CD Terrassa (Cataluña)

TOSTAS
TOASTS

SURTIDO IBÉRICO
IBERIAN ASSORTMENT

SANDWICHES
SANDWICHES

TAPAS Y RACIONES
TAPAS AND PORTIONS

Elite
Cocina tradicional desde 1992

PARA LLEVAR - TAKE AWAY

ENSALADAS
SALADS

REVUELTOS
SCRAMBLES

PESCADOS
FISH

CARNES
MEAT

POSTRES
DESSERTS

Telf: 981 213 857 Zalaeta, 24 - 15002 - La Coruña

FARIÑA

ESCAYOLAS Y PLADUR

ESCAYOLA: Techos, molduras, cornisas, arcos

PLADUR: Armarios, estanterías, paredes

AISLAMIENTOS: Térmicos y acústicos

Pascual Veiga, 44 bajo · A CORUÑA
Telf.: 649 845 873
antonioal1971@gmail.com



FEMABLAN

NUESTROS SERVICIOS



Reparación de electrodomésticos



Reparación e instalación de sistemas de calefacción



Reparación de equipos sanitarios Roca



Servicio de mantenimiento de calderas



Venta e instalación de Aerotermia



Servicio técnico oficial

CONTRATA CON NOSOTROS LA REVISIÓN O MANTENIMIENTO DE TU CALDERA CON ENTREGA DEL CERTIFICADO DE INDUSTRIA

- **Sector Telecomunicaciones:** Instalación y reparación de antena terrestre, antenas, parabólicas TV, antenas parabólicas para internet, antenas para recibir voz y datos a través de WIFI, instalación de redes de voz y datos a través de parabólicas, fibra óptica, cable trenzado UTP/STP.
- **Sector audio:** Instalación y reparación de hilo musical, sonido ambiental, o amplificación de sonido en pequeñas instalaciones (cafeterías, pubs, etc.)
- **Sector línea marrón:** Instalación de TVs grandes tamaños y vídeo proyectores.
- **Sector seguridad:** Instalación y reparación de alarmas por cable, por wifi, conectadas por GSM o bien por Internet sin cuotas, cerramientos, portales automáticos.

- **Sector CCTV, vídeo vigilancia:** Instalación y reparación de cámaras 5 EN 1, cámaras IP, grabadores y todos sus componentes, vídeo porteros, etc.

CONTÁCTANOS

sat@femablan.es

981 070 084

618 695 101

www.femablan.es

Calle Barcelona, 79 Bajo 15010 A Coruña



UN LIDERADO INCUESTIONABLE E MÁIS QUE ILUSIONANTE

O Leyma combina regularidade, profundidade de cadro e respaldo social nun inicio de tempada impecable.

O Leyma Básquet Coruña consolidou nas primeiras nove xornadas unha candidatura firme ao ascenso directo. O equipo herculino mantén pleno de vitorias e fixo valer a súa solidez ante rivais de primeiro nivel como Estudiantes e Palencia, dous dos grandes aspirantes da categoría. A súa traxectoria non admite dúbidas: nove partidos, nove triunfos, e unha sensación xeral de control competitivo que o distingue do resto.

O partido ante Palencia na última cita reforzou esa impresión. Cremo destacou con 20 puntos, 3 rebotes e 3 asistencias, asinando unha actuación decisiva. Pacheco acompañou cun partido moi completo: 16 puntos, 3 asistencias e un rebote clave nun momento determinante. A achega coral tamén volveu ser notable. Jou Coll quedou ás portas do dobre-dobre con 9 rebotes; Cuevas, Jorgensen e Radoncic superaron ou rondaron os dez puntos, e este último asinou catro asistencias que reflectiron a súa intelixencia de xogo. É precisamente esa regularidade colectiva o que explica o ritmo competitivo do equipo.

O Coliseum converteuse no pavillón con maior afluencia da liga, sinal do respaldo crecente dunha afección que conecta coa proposta do equipo. Pero malia ao ambiente de entusiasmo, o discurso interno segue sendo prudente. Carles Marco insiste en non desviarse do plan nin facer lecturas prematuras. A plantilla mantén esa mesma mentalidade: traballo diario e foco exclusivo no obxectivo final.

O calendario de decembro non ofrece facilidades. O Leyma afrontará catro partidos consecutivos ante Zamora, Club Ourense Baloncesto, Cartagena e Monbus Obradoiro CAB, sen parón de Nadal e con esixencia constante. Especialmente relevante será a visita a Fontes do Sar. Saír reforzado deste tramo suporía un avance moi importante nas aspiracións do equipo.

O novo ano iniciárase o 4 de xaneiro no Coliseum ante Cantabria. A primeira volta pecharase con dúas xornadas complexas: a visita a un Alicante sempre competitivo e o encontro na casa ante Fibwi Palma.

O que deixan estas nove xornadas xogadas non é unha euforia desmedida nin un discurso triunfalista, senón a constatación de que o Leyma alcanzou unha madurez competitiva que non sempre estivo ao seu alcance. O



equipo compite con orde, responde baixo máxima presión e mantén unha estabilidade que explica por que ocupa a posición na que está. Non hai garantías de futuro, porque a liga é longa e esixente, pero si hai unha certeza: o Leyma xa non é unha promesa nin un inicio afortunado. É un proxecto moi serio, sostido e preparado para pelexar de verdade polo retorno a elite do baloncesto nacional.



LAVIDA

AUTOCUIDADO Y BELLEZA INTEGRAL

MASAJES \ ASESORAMIENTO \ TRATAMIENTOS



Rúa Orzán 131 A Coruña



981 925 211



info@lavidaautocuidado.com



CERVECERÍA

CANOSA

cerveza de bodega

TAPAS Y RACIONES

CENAS DE GRUPO Y REUNIONES

DOMINGO MENÚ ESPECIAL

981 119 580 · Ronda de Outeiro, 198 · 15007 A Coruña



WWW.JLPUBLICACIONES.COM

POLIDEPORTIVO- BALONCESTO- LEYMA BASQUET CORUÑA

CORUÑA SPORT - 43



O LEYMA CORUÑA REFORZA O XOGO INTERIOR CON MUS BARRO

O pívot senegalés chega para achegar potencia física, experiencia en Primeira FEB e un perfil ideal para o estilo de xogo coruñés.

O Leyma Básquet Coruña move ficha no mercado e engade unha peza de peso para o seu xogo interior: Mus Barro, pívot senegalés con ampla experiencia en España e que se incorpora ao cadro laranxa para fortalecer unha posición clave de cara ao que resta de tempada 2025-26. O xogador, de 2,08 metros e formado baloncesticamente no noso país, convértese nun recurso inmediato para aumentar a presenza física na zona e dar continuidade ao estilo dinámico e vertical que caracteriza ao equipo coruñés.

Barro chega a A Coruña cunha traxectoria consolidada na Primeira FEB, onde defendeu camisolas históricas como Tizona Burgos, Palencia, Alicante ou Estudiantes, sempre cun rendemento fiable e en continuo progreso competitivo. Antes de estabilizarse na elite do baloncesto español, o interior sumou experiencias noutras ligas e países, incluíndo Portugal, Francia e Venezuela, e máis recentemente México, onde asinou uns números moi sólidos que reafirmaron o seu bo momento deportivo.

O seu perfil encaixa á perfección no que busca Carles Marco para o seu xogo interior: un pívot poderoso no bloqueo directo, capaz de definir por encima do aro, correr a pista con velocidade e crear vantaxes nas continuidades cara

ao aro. Ademais, ofrece presenza defensiva, intimidación e capacidade para controlar o rebote, elementos que o equipo coruñés consideraba fundamentais reforzar de cara á fase decisiva do curso.

O seu paso por Estudiantes e Alicante nas últimas tempadas avala a súa regularidade: case dez puntos e máis de cinco rebotes por encontro en ambos proxectos, números que lle permitiron consolidarse como un dos interiores máis fiables da liga. A isto súmase a súa explosión ofensiva en Francia, onde asinou unha das mellores campañas da súa carreira.

Con Barro, o Leyma dá un salto cualitativo na pintura e engade un xogador que pode marcar diferenzas tanto en ritmo alto como en situacións de cinco contra cinco. A afección coruñesa poderá gozar dun pívot atlético, de impacto inmediato e con experiencia suficiente como para asumir responsabilidade en momentos decisivos.

O club dá así un novo paso na confección dun equipo ambicioso e competitivo, que aspira a manterse no liderado da categoría ata o final. Mus Barro xa é laranxa, e o Coliseum agarda por el para converter en puntos e intimidación todo o seu potencial físico.



LIMPIEZAS ISKRA



MÁS DE
10 AÑOS
DE
EXPERIENCIA

LIMPIEZAS DE
COMUNIDADES

☎ 663 897 711

Reformas

Juan Alló



Albañilería Construcción
Reforma en general

☎ 660 971 862

✉ juan.allo.punal@gmail.com 📍 Mourentáns, 1 - VICESO - 15839 - Brión (A Coruña)



Pile-Poile

brudi
INSTALACIONES, S.L.



DEPARTAMENTO TÉCNICO

Emilio Nogareda Varela

- INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO
- GAS INDUSTRIAL Y DOMÉSTICO E.I. EGB 15000525
- CLIMATIZACIÓN Y ACS E.I. EAI 15000890
- ENERGÍAS RENOVABLES • PISCINAS
- BAJA TENSIÓN • FONTANERÍA E.I. FO 15000622
- ALBAÑILERÍA EN GENERAL



📍 brudi@brudi.es

☎ 646 094 709

✉ Avenida de Caión, 66 - 15145 Laracha (A Coruña)



**ÁREA RECREATIVA
DE GABENLLE**



**CONCELLO
DA LARACHA**

PORTA DE ENTRADA Á COSTA DA MORTE



PRAIA DE CAIÓN

ENTREVISTA A JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

Alcalde da Laracha e presidente da Asociación Turística Costa da Morte (CMAT).

ALaracha vive un momento especialmente dinámico no ámbito deportivo, social e turístico. Este 2025 supón para o alcalde, José Manuel López Varela, un ano de novas responsabilidades: á xestión municipal súmase agora a presidencia da Asociación Turística da Costa da Morte (CMAT). No plano deportivo, o municipio convive coa dor pola desaparición do Laracha CF co impulso de proxectos que naceron con forza, a estabilidade da UD Paio-saco en Preferente e a vitalidade dunha ampla rede de clubs, instalacións e actividades para todas as idades. Desde o fútbol veterano co San Román ata o baloncesto, o salvamento acuático ou a patinaxe, A Laracha consolídase como un territorio activo, vivo e con futuro. Sobre todo isto —e sobre o papel crecente do deporte como motor social e turístico— falamos co rexedor.

Presente municipal e visión xeral

— **Alcalde, 2025 é un ano especial para vostede: continúa á fronte do Concello da Laracha e, ademais, asume a presidencia da CMAT. Como afronta esta dobre responsabilidade?**

Con moita ilusión e coa responsabilidade que require. No Concello sempre hai novos retos e ideas para mellorar a vida da veciñanza. Na CMAT o enfoque é distinto: alí traballamos nun ámbito supramunicipal, coordinándonos con moitos concellos e tamén co sector privado para impulsar o desenvolvemento turístico da Costa da Morte. A suma de esforzos é clave para facer o xeodestino máis atractivo e para xerar riqueza e actividade económica.

— **Que prioridades inmediatas ten para o municipio neste novo tramo de mandato?**

A prioridade segue sendo mellorar a calidade de vida da xente. Iso implica favorecer a actividade económica, facilitar a creación de emprego, garantir a cobertura social e ofrecer servizos sólidos. Unha vez cuberto o esencial, hai outros proxectos nos que estamos moi centrados, como é actualmente a mellora da eficiencia enerxética en edificios, instalacións e infraestruturas municipais.

O impacto da desaparición do Laracha CF

— **A desaparición do Laracha CF foi un golpe duro. Como se viviu aquel momento e que aprendizaxes deixa?**

Foi doloroso. Como resultado dunha mala xestión da directiva desapareceu un club con 60 anos de historia, e con el marchouse tamén unha parte da identidade da Laracha. Foi un momento moi difícil para a afección e para toda a vila.

— **Pasado un tempo, xorden novos proxectos. Como valora esta reactivación e que papel terá o Concello?**

Foi unha sorte que mesmo antes da desaparición do club histórico nacesse a iniciativa do Xuventude Laracha. É un proxecto con xente nova, ilusionada e moi clara na idea de que a capital municipal non podía quedar sen un club de referencia. O Concello apóia igual que a todos os demais coa cesión gratuíta de instalacións, subvención económica municipal e o apoio organizativo nas actividades que leve a cabo.

A UD Paio-saco como referente deportivo

— **A UD Paio-saco compite hoxe en Preferente e ten experiencia recente en Terceira. Que significa isto para o Concello?**

É un orgullo. Que a UD Paio-saco estivese en Terceira foi un fito histórico,



pero manterse agora en Preferente tamén é un éxito pola boa xestión que hai detrás. Algo parecido sucede co Club do Mar de Caión, que nos últimos anos estivo preto de subir a Preferente, algo impensable hai non tanto. As categorías importan, pero o esencial é que os clubs funcionen ben, que a afección goce, que se identifiquen coa vila e que os rapaces teñan oportunidades para practicar deporte.

— **Ademais, o fútbol base medra con forza. Que importancia lle dá o Concello á canteira?**

É clave. O traballo da UD Paio-saco é espectacular, e a proba é que atrae xogadores doutros municipios. E estamos moi satisfeitos coa canteira do Xuventude Laracha. Non falo de resultados, senón da maneira de traballar: a formación, os valores, a organización... Iso é o que realmente importa.

San Román de Veteranos e o deporte veterano

— **O San Román de Veteranos compite na División de Honra. Que representa este club para A Laracha?**

Representa moito tanto esa peña como todas as demais porque supón oportunidades para que os veteranos do fútbol poidan continuar practicando deporte e socializando. É fantástico que compitan en División de Honra e que gañen títulos, pero se estivesen noutra categoría inferior a importancia da peña seguiría sendo a mesma por todo o que representa máis aló dos resultados.

— **Que valor lle concede ao deporte veterano, que ás veces compite menos polo resultado e máis por manter á xente activa?**

Ese é o seu maior valor: manter á xente activa, con saúde, con ilusión e con vínculos sociais. É o que debemos fomentar desde as administracións, tanto

entre os máis novos como entre a xente veterana. Por iso o Concello apoia a clubs e peñas e calquera iniciativa que vaia nesa liña.

Infraestruturas deportivas

— **A Laracha conta cunha rede deportiva moi ampla. Contentos ou sempre é pouco e ides a por máis?**

Temos unha rede realmente destacada para un municipio de apenas 12.000 habitantes: piscina municipal con ximnasio, dous campos de fútbol de céspede sintético, un campo de terra, cinco pavillóns cubertos, dúas pistas de pádel, áreas deportivas descubertas en case todas as parroquias, cinco parques biosaudables, un circuíto de calistenia e un skatepark. Sempre se aspira a máis, pero a cobertura actual é excelente.

— **Hai algún proxecto novo previsto?**

O mantemento de todo isto supón un investimento importante. Creo que o prioritario é continuar mellorando o que temos antes de crear novas instalacións. Iso non quita que, se xorde unha necesidade clara ou unha oportunidade, o valoremos.

Deporte máis alá do fútbol

— **Hai baloncesto, salvamento, patinaxe... Como valora esta diversidade?**

É unha fortuna. Grazas ao tecido deportivo do municipio e ao apoio municipal, na Laracha pódese practicar case calquera disciplina sen ter que saír fóra.



— **Percibe un incremento nos deportes emerxentes ou alternativos?**

Si, e moi notable. Somos referencia galega en salvamento acuático grazas ao Club SAL, co que deportistas laracheses se proclamaron campións de España. O baloncesto feminino vive o seu mellor momento, co CB Laracha sendo o primeiro club da Costa da Morte que compite en categoría nacional. En patinaxe, o Club Patín Conxuro está a facer un labor extraordinario, especialmente coas máis pequenas, e organizando eventos de ámbito autonómico. Tamén no mundo do motor temos referentes laracheses. E como disciplina alternativa, a billarda está nun claro auxe.

Actividades e eventos durante todo o ano

— **O Concello ofrece actividades durante todo o ano. Que peso ten isto na política municipal?**

É unha cuestión clave na axenda municipal. Preto de 4.000 persoas parti-



cipan cada ano nos programas culturais e deportivos de verán e inverno. E a iso hai que engadir eventos como o Día do Deporte. O obxectivo é que practicar deporte na Laracha sexa sinxelo, accesible e cómodo. Creo que o estamos conseguindo.

— **E os eventos deportivos, que impacto teñen?**

Teñen un impacto enorme na saúde e no benestar da xente, sexa para competir, mellorar marcas ou simplemente desfrutar do deporte. Pero máis aló dos eventos puntuais, quero destacar a importancia das escolas deportivas municipais: son un motor de actividade e un espazo onde se forman hábitos saudables dende pequenos.

Turismo e deporte: a visión desde a Costa da Morte

— **Como presidente da CMAT, como valora o potencial do deporte como ferramenta turística?**

Hoxe en día é unha das motivacións principais dos visitantes. O turista busca rutas de sendeirismo, deportes acuáticos, natureza... E aquí temos moito que ofrecer, cun clima perfecto para practicar deporte ao aire libre. É unha oportunidade que debemos aproveitar.

— **Que papel pode ter A Laracha dentro da marca Costa da Morte?**

O mesmo que o resto de concellos: formar parte dun todo. A Costa da Morte funciona mellor cando pensa de maneira conxunta e coordinada. A Laracha suma moito, pero sempre dentro desa visión global.

A Laracha dentro de cinco ou dez anos

— **Para rematar, como lle gustaría ver A Laracha dentro de cinco ou dez anos no ámbito deportivo?**

Gustárame que calquera persoa puidese practicar o deporte que queira con todas as facilidades. Que o deporte siga mellorando a saúde e a calidade de vida da xente, e que sexa unha ferramenta de valores para a mocidade. E se algún día temos o primeiro olímpico larachés... pois sería marabilloso.



SERVICIOS Y LIMPIEZAS INDUSTRIALES
TRANSPORTISTA PROFESIONAL DE RESIDUOS
GESTIÓN DE RESIDUOS

☎ 659 299 276 · 627 276 124

administracion@portodepaula.com

limpiezaportodepaulacoruna.es

C/ Portomazás, 4 · 15317 ARANGA (A Coruña)





GESTORÍA
OTERO

Con ánimo de ayudar



GESTORÍA
OTERO

T. **981 216 435**

Calle San Andrés 78. | 15003 La Coruña

info@gestoriaotero.com | www.gestoriaotero.com



SEBASTIÁN FREIRE: "O MÁIS BONITO DOS VETERANOS É VOLVER XOGAR COA XENTE COA QUE MEDRACHES"

O presidente do San Román repasa a historia do equipo, o espírito dos veteranos e a enorme competitividade da División de Honra da Costa.

O San Román é hoxe un dos equipos máis recoñecidos do fútbol veterano da Costa. Naceu a comezos dos anos 2000 da man dun grupo de amigos que simplemente non quería deixar o fútbol atrás. Aquilo que comezou como unha xuntanza de compañeiros converteuse co tempo nun proxecto serio, estable e competitivo, capaz de asentarse na División de Honra e de medir forzas cada domingo cos mellores equipos da Costa.

O presidente, Sebastián Freire, fala desta historia sen artificios: amizade, ganas de competir, a evolución dunha liga cada vez máis dura e esa sensación única de seguir compartindo campo coa xente coa que un medrou.

Sebastián, o fútbol veterano é outra paixón distinta, non si?

Si, claro. Un termina a carreira pero non pode deixar o fútbol así como así. Desde pequeno estás afeito a xogar cos amigos e ao final necesitas seguir facéndoo. É o que che gusta e o que che move.

Como naceu o equipo de veteranos da Asociación Cultural e Deportiva San Román?

Pois naceu dun grupo de amigos que levabamos tempo sen xogar xuntos. Pasas dos 30, botas de menos iso, e coincidiu coa creación da Liga da Costa de Veteranos, que daquela aínda non era organizada pola Federación Galega.

Sobre o ano 2002 ou 2003 comezamos a movernos. A idea era xuntarnos outra vez os de sempre. Empezamos con ilusión, cos veciños, cos amigos... e aquí seguimos.

E ti, antes de ser veterano, onde xogaches?

Pouco. En infantís no Paiosaco, en xuvenís no Laracha e un pouco en sénior no San Lorenzo de Verdillo. Pero por traballo estaba sempre desprazado, primeiro por Galicia e logo por España. Iso non me permitía adestrar nin competir en federado. Agora ben, xogar ao fútbol, desde o colexio ata as peñas, sempre xoguei.

Por que o nome de San Román?

Porque aquí xa houbera unha peña chamada San Román e mesmo un equipo federado no 83-84. Nós somos de San Román de Cabovilaño, a parroquia, e sempre houbo ese nome ligado ao fútbol. De chavales volvemos montar a peña con 16 ou 17 anos, e existiu ata hai seis ou sete anos. É parte da identidade da zona.

Como funcionaba esa peña?

Era xente que non xogaba federada, aínda que podía haber dous ou tres

ADRIÁN

**SERVICIOS AGRÍCOLAS
E FORESTAIS**

Tel. 662 688 735

Laracha (A Coruña)





**EXCAVACIONES
COTELO**

Telf: 981 606 382

Móvil: 659 045 914

Tuixé - Lemaio - Laraxa



**JUAN CARLOS
AÑÓN MUÑIZ
MADERAS**

Móvil: 609 808 200

Regado, N41 - CABOVILAÑO - 15145 LARACHA (A Coruña)



**REVESTIMENTOS
NORDÉS**

S: 605 871 067 - V: 605 871 068

Castrillón - LEMA, 34 - 15100 CARBALLO (A Coruña)



federados. A liga de peñas foi moi forte aquí. Tamén existiu a peña do San Ramón, que hoxe está na nosa liga. Son xente do pobo tamén. Na Laracha hay ata catro equipos de veteranos.

Cando a Federación Galega colleu a competición, cambiou moito?

Si, cambia. Volves ser federado e iso sempre é diferente. Eu non vou criticar o que había antes nin dicir que agora todo é mellor. Antes tamén estaba todo moi organizado, e éramos xente sen ánimo de lucro perdendo tempo e facendo xuntanzas. Agora a Federación ten medios que facilitan as cousas e tamén moi boa xente detrás. Son etapas distintas, nada máis.

A subdelegación da Costa tamén axudou a que todo o fútbol medra, non si?

Si, claro. Para veteranos, sénior e base. O importante é facer deporte desde pequenos. O noso é entretemento: xogar contra xente que coñeces hai 40 anos, vernos todos os domingos... é un honor. Pero o fundamental é sacar á xente nova, transmitir valores e crear hábitos saudables.

Como é o vestiario do San Román 2025-2026?

Moi bo. Xente sa, boa xente, amigos. Pasámolo ben xuntos e, despois do partido, aínda mellor. Competimos, claro. Se non compites, non vas. E deportivamente temos un equipo decente, capaz de estar cos punteiros da liga. Estamos en División de Honra.

Quen son os favoritos desta tempada?

Hai varios equipos moi competitivos. O ano pasado os máis fortes foron o Atlético Carballo e o San Ramón, que quedaron primeiro e segundo. O Dumbría ten moi bo equipo, o Zas tamén. Nós estamos agora entre os catro ou cinco primeiros. E o Verdillo, o Oza... todos teñen nivel. A liga está moi aberta. O problema é que, se vas con toda a xente, podes gañarlle a calquera, pero se che faltan tres ou catro xogadores importantes, xa non compites igual. Isto pásanos a todos. O Dumbría, por exemplo, ten un equipazo, pero foi ao campo do Oza e perdeu. Non me sorprende, se ao Oza lle vai toda a xente, pode gañarlle a quen sexa.

Tamén fai falta presuposto, claro.

Si, claro. As fichas, as mutuas, farmacia e moitos gastos. Temos dous patrocinadores que nos axudan: o Estanco de San Román e A Boa Estrela. Dánnos a roupa e axudan a cubrir os gastos básicos.

A xente apoia moito os partidos de veteranos xa dende hai bastantes anos.

Si. Non é como noutras categorías, pero hai seguimento. A maioría xogou na Liga da Costa e moita xente ven vernos. Ademais hai partidos moi bos, xógase ben, é unha liga bonita e competitiva. Moita xente vai á misa o domingo e despois ao fútbol, como se fixo toda a vida nas vilas.

O fútbol na Costa segue sendo unha barbaridade en canto a paixón.

Si, si. A ilusión non desaparece. Antes a xente deixaba de xogar con trinta e poucos; agora hai veteranos con máis de 50 xogando de marabilla. Para min é un pracer ir a Dumbría, a Zas ou onde sexa e reencontrarme coa xente coa que levo máis de vinte anos xogando. No campo competimos e despois tomamos unhas cañas. O outro día fomos a Zas: partido competido, e logo aperitivo con Felipe Solís, Quintáns... xente histórica da Costa. Risas de verdade. Iso é o que importa.

Hai San Román para rato?

Intentaremos. Mentres estemos ben, ahí estaremos. Isto é unha loita constante, pero seguimos.

E ti, seguirás na presidencia?

(Risas) Bueno... iso xa é outro cantar. De momento sigo, pero haberá que buscar relevo. Levamos desde o principio e con máis de vinte anos ahí igual toca ir pensando niso.

Onde xogades como locais?

Principalmente en Paiosaco ou en Laracha. Oficialmente temos Paiosaco, pero non sempre é así. Somos catro equipos de veteranos na Laracha: dous en Honra e dous en Primeira. Sempre intentan encaixar que dous xoguen na casa e dous fóra. Segundo as circunstancias, imos a un ou a outro campo. Fano moi ben, porque ademais hai moitas categorías inferiores e teñen que axustar todo.

Unha mensaxe final para a xente da Laracha.

O deporte é moi importante, e na Laracha loitan moito por facelo medrar. Ten moito mérito o que están conseguindo. Tamén quero darlle as grazas ao Concello: ao alcalde, á corporación en xeral e ao departamento de Deportes. Sempre están aí para axudar, deixarnos instalacións, organizar torneos... Facilitánnos todo o que poden. E iso nótase.



Delicias
Cervecería

CC. BERGANTIÑOS (HIPERGADIS) - CARBALLO 663 37 02 72

O ESTANCO

Cancelo · Cabovilaño
15145 A Laracha

981 60 52 28
687 74 68 85



INTERIORES CABEZA, S. L.
CONSTRUCCIÓN Y REFORMAS
YESO - MORTERO - PLADUR - SATE

616 994 495
616 994 496

Calle Río Anllóns Nº 8 Bajo · C.P. 15.145 A Laracha
www.interiorescabeza.com · interiorescabeza@gmail.com



RODRIGUEZ AMADO
INSTALACIONES Y MONTAJES

**FONTANERÍA
CALEFACCIÓN
GAS
ENERGÍAS RENOVABLES
OBRA HIDRÁULICA**

AV. JOSÉ LOUREIRO GONZÁLEZ, 6
PAIOSACO (A LARACHA)
T. 981 606 702
rodriguezamado@rodriguezamado.es



PLANTEL 2025/2026

FRANCISCO AMORRORTU	MARTÍN FUENTES
JUAN CARLOS AÑÓN	ISMAEL GONZÁLEZ
JOSÉ BAÑA	JOSÉ MANUEL LISTA
BRAIS BARREIRO	JOSÉ ÁNGEL LOUREIRO
JOSÉ MANUEL BECERRA	ISAAC MALLO
JOSÉ M. BELLO	JOSÉ R. MARTÍNEZ
ESTEBAN BERTOIA	VÍCTOR JOSÉ MÍGUEZ
PABLO S. CAMBÓN	JORGE PICHEL
MARIO CASAL	JESÚS MANUEL RAMA
JOSÉ ANTONIO COLLAZO	ÓSCAR SOTELO
PEDRO IGNACIO CORTÉS	ALBERTO VARELA
CARLOS COTELO	JUAN CARLOS VARELA
DIEGO DE LA FUENTE	VÍCTOR PARDIÑAS
MARIO ESMORÍS	MASSAR NIANG
SEBASTIÁN FREIRE	-

O ORGULLO AZULIÑO PLANTA CARA NA DIVISIÓN DE HONRA

O San Román compite, desfruta e mantén o pulso da categoría desde o liderado da clasificación.

A Asociación Cultural e Deportiva San Román está a asinar un notable inicio de tempada no grupo da Costa da Morte da División de Honra de veteranos, situándose líder e ademais cun partido menos xogado, tras sumar un total de 23 puntos. Un inicio firme que confirma a solidez dun equipo que combina amizade, compromiso e esa competitividade tan propia do fútbol da comarca.

O conxunto comezou con forza, imponéndose ao San Lorenzo de Verdillo (3-1), ao CF Cances (2-6) e ao Coristanco (2-0), tres vitorias que deixaron clara a súa capacidade para marcar diferenzas. Tamén rabuñou dous empates traballados ante o CD Razo (2-2) e o Sporting Zas (1-1), demostrando carácter e regularidade. A única derrota chegou no derbi fronte ao San Ramón, onde os locais foron superiores nesta ocasión e venceron por 3-0, pero o San Román repúxose con catro vitorias seguidas que o levaron ao máis alto. O

equipo azulino ten un encontro menos xogado, o aprazado na xornada seis ante o Castriz. O duelo xa ten nova data: 28 de decembro.

A estrutura do equipo está moi apoiada por Manuel Trigo Chouciño, delegado e peza clave no día a día, mentres que José Manuel Coteló actúa como auxiliar, aportando estabilidade e organización.

No capítulo goleador, Diego de la Fuente converteu oito tantos, converténdose na referencia ofensiva dun equipo que sabe aproveitar ben as chegadas. A filosofía do San Román é auténtica: pasalo ben, compartir bos momentos entre amigos e competir con ese espírito intenso que caracteriza a todos os equipos da Costa. A identidade visual do conxunto —camiseta, pantalón e medias azuis— acompaña un espírito que non renuncia a nada.

O San Román disfruta, compite e segue a plantar cara. Un equipo que honra a categoría e ao propio fútbol veterano.

Peluquería STILO Salón de Belleza

UNISEX

Tel. 981 60 24 05
Avda. Finisterre, 227 bajo
ARTEIXO

Maderas Rodríguez Calma. S.L.

Braña Grande, 18
CABO VILAÑO
15145 LARACHA (A Coruña)
Tlf. 981 60 58 62
maderas@rodriguezcalma.com

Juan Guerra
Pulpería tradicional en Galicia

Pulpe á feira Cachelos Churrasco y criollos
Carne á caldeira Quece con membrillo
Café de pucheiro Licores de la tierra Vinos de Ulla y Barrancos

Teléfonos: 981 50 30 54 - 639 818 025

Venta los miércoles en Santiago y los viernes en el Polígono Industrial de Ames - Santiago

YAGO MATOS BELLO

INSTALADOR DE PLADUR

TELF. MÓVIL 617.740.266



Coruña

Rúa Juana de Vega, 17
981 11 11 17

Bertamirás

Tr.ª da Peregrina, 7
981 80 18 54

Santiago

Av. de Rosalía de Castro, 72
881 97 33 24



**PINTURA Y DECORACIONES
DELAFUENTE, S.L.**

RAVER



REFORMAS VERTICALES

RAVER, TRABAJOS VERTICALES EN A CORUÑA

- ✓ Impermeabilización de cubiertas y terrazas. Rehabilitación de fachadas
- ✓ Limpieza y mantenimiento de canalones. Reparación de chimeneas
- ✓ Líneas de vida permanentes y temporales (horizontales y verticales)
- ✓ Instalación de sistemas de seguridad: líneas de vida, barandillas...
- ✓ Especialistas en trabajos verticales y lugares de difícil acceso.

Calle G, 8 Manzana 6 - Parque Empresarial Alvedro
15180 - Culleredo (A Coruña)
881 065 604 - 604 023 560
info@raververtical.es
www.raververtical.es



SENRASPORT

VEHICULOS COMO NUEVOS, SALVO EN EL PRECIO!

En Olveira, Dumbría, A Coruña

Vehiculos nuevos, seminuevos y de
segundamano al mejor precio en

senrasport.com



NOELIA FREJEIRO: "MALPICA VIVE O SEU MELLOR MOMENTO DEPORTIVO"

A concelleira Noelia Freijeiro analiza o éxito das actividades municipais, os eventos destacados do ano e o impulso ao fútbol e ás instalacións deportivas.

A concelleira de Educación, Cultura, Patrimonio, Deportes e Turismo, Noelia Freijeiro, analiza o éxito das actividades municipais, os eventos destacados do ano e o impulso ao fútbol e ás instalacións deportivas nun concello que vive un período de crecemento deportivo sen precedentes. Malpica está a afrontar este curso cunha participación histórica, novas disciplinas para todas as idades e proxectos clave en marcha.

—Despois dun verán tan cargado de actividades e dun inicio de outono co éxito rotundo da carreira pedestre, como se presenta este novo curso deportivo en Malpica?

—A verdade é que foi un verán moi intenso, con moitísima actividade deportiva. Este ano ofertamos tamén novidades, como o surf, que foi un éxito total. Malpica e o surf van da man, así que non se entende que no verán non se oferte tamén desde o Concello. Ademais da academia, que xa ten as súas propias actividades, chegamos a un acordo con eles e ofrecémolo directamente.

A carreira pedestre segue a ser o que sempre din os participantes: unha das máis

duras e tamén unha das máis recoñecidas. Así que si, foi un éxito rotundo. E agora o curso afrontámolo coa vontade de que nenos, nenas e adultos teñan unha oferta deportiva ampla e variada. O ano pasado introducimos o judo e funcionou moi ben; este ano ampliamos horarios para agrupar mellor por idades. Apostamos polo judo porque transmite valores moi importantes, ademais da parte física.

—Cando falas de valores, refíreste a aspectos como a disciplina?

—Exactamente. A disciplina é fundamental e o judo trabállaa moi ben. Os pais están encantados, e nós tamén, porque queremos que os nenos collan o hábito de facer deporte e que o disfruten.

Ademais ofrecemos voleibol, ximnasia rítmica, patinaxe... e o multideporte, pensado para quen non ten unha preferencia clara pero quere moverse e participar. Funciona moi ben, tanto en Malpica como en Buño.

Para as persoas adultas temos zumba, pilates, ximnasia terapéutica, ioga... hai actividades para todas as idades e necesidades.

**Situado a pocos minutos
de la zona de playas.**

Desayunos

Tapas y pinchos variados

Terraza

Wifi para los clientes

“ O PIÑEIRO ”

CAFÉ - BAR - ESTANCO



Trva. de Chamín, 94 - 15142 - Arteixo (A Coruña)



☎ 981 646 701

Reclamamos

**COMPLEMENTO DE
MATERNIDAD / PATERNIDAD**

☎ 675 590 964

**OK LEGAL
ABOGADOS**



Este ano tamén nos sumamos á iniciativa da Xunta “Ti activas a túa saúde”, que permite que os centros de saúde deriven ao Concello persoas sedentarias ou de maior idade para orientalas cara á actividade máis axeitada.

—O crecemento do ximnasio municipal está ahí. En que punto está esa mellora continua?

—O ximnasio é unha prioridade. Cada ano tentamos melloralo: renovar maquinaria, modernizar instalacións e, cando sexa posible, ampliar o espazo, porque cada vez temos máis usuarios. Oxalá poidamos facelo pronto, porque realmente fai falta.

Temos tamén a sorte de contar cunha profesional como María Bardanca, que tres días á semana atende persoalmente aos usuarios, prepara táboas e explica como facer os exercicios correctamente. É un valor engadido enorme.

—O inicio de inscricións foi practicamente unha avalancha este ano. Agardabades esa resposta tan masiva?

—Non tanto. Sabíamos que había interese, pero foi impresionante. Sobre todo nas actividades de adultos: abriron as inscricións ás 9 da mañá e ás 10 xa estaba todo completo. É unha alegría enorme ver esa resposta, pero tamén nos dá pena que moita xente quedase en lista de espera. Gustaríanos poder ofrecer máis grupos, pero para iso tamén necesitamos máis monitores e recursos.

Para o ano intentaremos facer un pequeno “tetris” de horarios para minimizar o número de persoas que queda fóra.

—Este ano tamén foi especial en canto a eventos. Se tiveras que escoller un momento forte, cal sería?

—Este ano tivemos varios. A travesía a nado xa é un clásico, pero engadíronse eventos de moitísimo nivel. Tivemos unha proba do Campionato de España de Rally, o Rally Terra de Galicia, e tamén dúas probas puntuables para campionatos nacionais de surf —de longboard e de surf tradicional— no mes de outubro.

O rally foi moi importante para nós: Malpica respondeu moi ben e gustaríanos que se repita. E o surf foi espectacular, creo que ninguén esperaba tanto éxito. A idea é seguir traballando con One Surf Academy para darlle continuidade.

—No apartado de instalacións, o proxecto do céspede da Pedra Queimada era unha demanda importante. En que fase está?

—Está xa na fase final da licitación. Está practicamente todo listo; houbo algunha cousa que tivo que ser axustada, pero faltan só un par de detalles para concluír o proceso.



Pensabamos que podería estar todo listo para finais de ano, pero pola climatoloxía e as datas non foi posible. Aínda así, é un proxecto moi avanzado e moi necesario.

—E falando de fútbol, o ambiente no concello parece especialmente bo este ano. Como o valorades desde o Concello?

—Estamos moi ilusionados. O Malpica está na pelexa polo título. E o máis bonito é que a maioría do equipo está formado por rapaces do propio concello. Iso para nós é un orgullo inmenso.

Ademais, estamos moi orgullosos doutros clubs como o Cerqueda, o Buño ou o Seaia. O Cerqueda é agora mesmo un dos máis importantes da Costa da Morte, con once categorías e varias delas femininas. A aposta polo fútbol feminino está sendo moi forte e iso é motivo de enorme satisfacción.

—Vendo todo isto, dirías que Malpica está a vivir un momento especialmente doce no ámbito deportivo?

—Si, absolutamente. Temos máis participación ca nunca, máis actividades, máis eventos e máis ilusión. Notamos que a xente ten ganas de deporte, de formar parte da vida activa do concello. E iso é o mellor síntoma de que estamos no camiño correcto. Seguiremos traballando para que Malpica continúe así: viva, activa e chea de deporte.

 Comedor privado	Todos los jueves gran cocido de A Fonsagrada Desayunos Tapas Comida Casera Avda. Ernesto Che Guevara, 11 15172 Santa Cristina - Oleiros - A Coruña e-mail: paradavellahosteleria@yahoo.es facebookparadavellahosteleria Telf: 981 637 061	
--	---	---

 Panificadora PEDRO FERNANDEZ panaderiapedro@gmail.com	RAFAGAS AL CIELO ★ Pan de Carral Especialidad en empanadas y tartas ricas Rúa da Escola, 4 981 670 852 15183 HERVES CARRAL (A Coruña)
---	---



VETERANOS SCD MALPICA: A MEMORIA VIVA DUN POBO QUE NON DEIXA DE XOGAR

O legado, a identidade e o compañeirismo que explican por que Malpica desfruta tanto co mundo do balompé.

O Veteranos SCD Malpica é moito máis ca un grupo de antigos futbolistas que se resisten a colgar as botas. É unha comunidade, un fío que cose xeracións enteiras arredor dun mesmo sentimento: o orgullo de levar Malpica polos campos da Costa. A súa historia, contada a través de tres voces —o presidente José Dourado, o directivo Washington Jesús Calvo e Fernando Couto, alma máter do proxecto— revela unha forma de entender o fútbol que vai máis alá da competición oficial.

As orixes: da amizade á liga costeira

O nacemento dos Veteranos tivo pouco de planificación e moito de espontaneidade. José Dourado lembra que todo comezou cando “uns cantos ex-

xogadores e amigos” decidiron xuntarse para disputar partidos amigables. Daquela dinámica naceu a Liga da Costa de Veteranos, da que o Malpica foi un dos nove equipos fundadores”.

Washington completa esa memoria colectiva: “foi no 2003 cando Fernando Couto, hoxe presidente de honra, deu forma ao proxecto. Desde aquela, xa pasaron polo equipo máis de 110 xogadores. A creación da Asociación de Veteranos en 2015 serviu para ordenar a relación cos organismos oficiais e consolidar o camiño iniciado anos atrás”.

Levar Malpica no peito

Para todos eles, representar o pobo é unha responsabilidade gozosa. “É un



Hijos de Romay
 981 721 785
 CARPINTERIA EN GENERAL
 MUEBLES DE COCINA Y DORMITORIO
 LUGAR DE SEIXAS, 17. MALPICA DE BERGANTIÑOS 15113 A CORUÑA
 TLF: 981 721 785 FAX: 981 720 675





CARLOS COUTO
 Carpintería de P.V.C. - Soldadura de Aluminio

Ventanas - Persianas - Mamparas de Baño
 Cristalería - Portales de Garajes
 Tlf. Fax 981 721 884 - 649 432 044
 CERQUEDA - MALPICA



orgullo levar o nome de Malpica polos campos da Costa”, di José. Washington engade que coa camiseta malpicá xa fixeron “un montón de amigos” e que os valores da vila viaxan con eles a cada partido. Fernando Couto, que xa incluso fora xogador, directivo e presidente do SCD Malpica, complétao cunha frase que resume toda a súa traxectoria: “Para min, seguir agora axudando nos veteranos é un orgullo especial”.

O ambiente que o explica todo

O segredo da continuidade está no ambiente. Non hai tensión excesiva, aínda que ninguén renuncia a gañar. Hai unión, bromean, complicidade entre xente que ás veces se leva máis de 30 anos de idade. Os domingos hai fútbol, e na semana hai conversa constante no grupo de WhatsApp.

Os ex-xogadores seguen achegándose aos partidos. “Sempre veñen animarnos e despois toca tomar uns viños”, explica José. Ese é o espírito: competir, si, pero sobre todo celebrar que aínda están xuntos.

Un equipo que non para nin no verán

Cando remata a competición, o Veteranos SCD Malpica non baixa as persianas. Xogan pachangas, organizan encontros estivais e mesmo están valorando crear un equipo de superveteranos para que quen queira seguir xogando, poida facelo sempre. Tamén realizan camiñadas polo concello. “O obxectivo é manterse activos, unidos e con espírito asociativo”, deixa claro Washington, quen tamén recalca: “pretendemos ampliar o número de actividades, pero estamos a expensas de ter disposición de instalacións e competicións adecuadas”.

A relación coa SCD Malpica: apoio mutuo

A conexión coa directiva do club senior é sensacional. “Perfectas”, resume Washington. Hai diálogo constante con Steven, actual presidente da SCD Malpica, e a asociación de veteranos colabora como socio protector. Reciben tamén xogadores que se van retirando do fútbol senior: esta tempada chegaron catro máis. Para eles é importante contribuír á continuidade da entidade e acompañar ás novas xeracións.

O que significa ser veterán

“Recordar cando eramos xóvenes”, di José. “Representar a esencia dunha vida”, engade Washington. Nos Veteranos de Malpica o fútbol é unha escusa perfecta para non deixar de moverse, para manter unha rutina activa, pero tamén para coidar unha identidade compartida.

A mensaxe para os máis novos é clara: que non deixen decaer a chama. “Que se animen, que sigan, que isto continúa vivo grazas a todos os que veñen por detrás”, insiste José.

O reto da organización e o futuro

Manter o equipo vivo non é doado. O presidente admite que o máis complicado é conservar “a chispa” nun grupo onde os anos pesan, pero onde tamén existe un compromiso firme. A organización interna é clave: que todos estean a gusto, que se fomente o compañeirismo e que a ilusión non se perda. De cara ao futuro, Washington e José coinciden: ampliar actividades, manter a participación e garantir a continuidade xeracional. Só dispoñen de 25 fichas cada tempada, polo que as baixas e altas son procesos moi coidados e voluntarios. O obxectivo derradeiro é seguir sumando vida deportiva.

Un legado que continúa

O Veteranos SCD Malpica non é só un equipo: é historia viva do fútbol local. É a demostración de que o deporte, cando se practica desde o afecto, pode manter unha comunidade unida durante décadas.

E, como di Fernando Couto, presidente de honra e alguén que coñece o club desde dentro como poucos: “É un orgullo especial seguir axudando.”

Ese orgullo é, ao final, o que explica por que Malpica sempre regresa ao campo. Porque hai historias que simplemente non saben deixarse de xogar.

CUBIERTAS VILLAVERDE
Villaverde es una empresa de Ponteceso especializada en llevar a cabo todo tipo de trabajos en altura en cubiertas y fachadas. Realizamos limpiezas y reparaciones en canalones y tejados en función de las necesidades de cada uno de nuestros clientes y nos comprometemos a realizar trabajos de calidad en el menor tiempo posible.
FACHADAS - TEJADOS - SELLADOS - ALQUILER DE CESTA (DURA Y BLANDA)
CANALONES DE ALUMINIO SIN JUNTA (MONTAJE Y LIMPIEZA)
627 92 00 74
santylvillaverdecastro@gmail.com
Brantus de Abaixo, 24 - 15110 PONTECESO

GADOVA
OBRAS Y REFORMAS
Camino del Río, 42 - 15113 Malpica (A Coruña)
www.gadova.es
gadovaobras@gmail.com
649 952 213

**MOVIMIENTO DE TERRAS
EXCAVACIÓN DEMOLICIÓN
OBRA PÚBLICA**
GRUPO GS
**TRABALLOS AGRÍCOLAS
LIMPIEZAS FORESTAIS
660 918 883
GSGRUP022@GMAIL.COM**

ASFECO & asesores
FERNANDO COUTO GARCÍA
ADMINISTRADOR
ASESORÍA FISCAL - CONTABLE - LABORAL
FINANCIERA E INMOBILIARIA
Tel. 981 721 553
Móviles 609 563 535 - 639 692 474
C/ Maestro Antonio Montero,
2 - B. 15113 - MALPICA (A Coruña)
www.asfeco.com
info@asfeco.com • fernandocouto@asfeco.com



PLANTEL 2025/2026

JOSÉ M. ABELENDA	LEONARDO J. PENEDO
MARCOS ALFEIRÁN	ALEJANDRO POMBO
JESÚS MANUEL ANIDO	MARCO A. POSE
JOSÉ F. ARDAY	CARLOS LUIS POSE
PEDRO BRANDON	JOSÉ C. RODRÍGUEZ
MARCOS F. CASTIÑEIRAS	ROBERTO SÁNCHEZ
ELOY CASTRO	JOSÉ SUÁREZ
JOSÉ F. COUTO	SERGIO VARELA
MIQUEL ÁNGEL GONZÁLEZ	ALBERTO J. VARELA
RICARDO J. GONZÁLEZ	JORGE PARGA
FERNANDO J. HERNÁNDEZ	J. LUIS NAYA
PEDRO M. MATO	-

O MALPICA ASALTA O LIDERADO E ACUMULA SETE VICTORIAS CONSECUTIVAS

O equipo malpicán é o menos goleado da liga e sitúase ao fronte da táboa con tres puntos de vantaxe.

A Asociación de Veteranos SCD Malpica está a asinar un inicio de tempada brillante no grupo costeiro da Primeira División de veteranos, onde xoga con carácter e un nivel competitivo que non deixa dúbidas. No presente curso, o conxunto malpicán encadea oito vitorias, as últimas sete de maneira consecutiva, unha dinámica que o elevou ata o liderado, incluso obtendo unha renda de tres puntos de vantaxe co segundo, actualmente o Corme. O Malpica dobregou de maneira consecutiva a Mazaricos, Sofán, A Piña, Sporting Bertoa, Fisterra, Leiloio e Deportivo Carballo, demostrando solvencia, orde e unha regularidade propia dos equipos que aspiran a todo. Antes desta serie triunfal, o equipo sumara un empate ante o Nantón, un triunfo fronte ao Soandres e a única derrota do curso, precisamente ante o segundo clasificado Corme por 3-2, no duelo disputado en O Cairo. Aquel encontro comezara de forma inmejorable para os malpicáns, que se puxeron 0-2 nos primeiros minutos con goles de Ricardo González e Fer Hernández.

Con estes números enriba da mesa, a loita polo ascenso a División de Honra é xa unha realidade. E, aínda que non sexa o máis importante, en A Costa todos saben que o fútbol veterano non entende de termos medios: compétese cada partido ao máximo, loitando por cada balón coma se fose o último. No apartado individual, Ricardo González está a protagonizar un inicio de campaña sobresaínte. Suma 13 goles e sitúase na segunda posición da táboa de máximos realizadores, converténdose nunha das grandes referencias ofensivas do campionato.

Mais se algo define ao Malpica é a súa firmeza defensiva. O equipo é o menos goleado da categoría, con apenas sete tantos encaixados en dez xornadas, catro menos que o segundo que menos recibe. Un bloque sólido, aguerrido e extremadamente difícil de superar, que explica o excelente momento do cadro malpicán e alimenta a ilusión por un ascenso que, a día de hoxe, xa non sorprendería a ninguén.

JEYCAR

INSTALACIONES

✉ instalacionesjeycar@gmail.com

☎ 617 50 99 89 • Jesús

☎ 686 56 56 11 • Carlos

Fontanería

Gas Industrial y domestico

Calefacción

Paneles solares

Suelos radiantes

Calderas y estufas de pellets

Reformas baños y cocinas

Aerotermia

Dialgava

Ofrecemos el mejor Servicio a la Hostelería y Alimentación en A Coruña.

Amplia experiencia ofreciendo las primeras marcas
y una amplia variedad de Bodegas de calidad contrastada.

Venta de vinos GALLEGOS y NACIONALES



Tienda on-line www.dialgava.es

info@dialgava.es



Rúa Graduill, 12, B izq, 15669 Cambre (A Coruña)

981 65 54 98

667 650 826



LUIGI CITRO, ENTRE O FÚTBOL E A COCIÑA

O italiano afianza o proxecto deportivo do Biancoazurri mentres impulsa a súa propia revolución gastronómica na Coruña.

Luigi Citro continúa ao pé do canón un curso máis, e o seu Biancoazurri Pizzería San Gennaro non deixa de medrar a medida que as tempadas van avanzando. O que comezou como un proxecto modesto mantén a mesma filosofía inicial, pero ao mesmo tempo dá pasos firmes que están levando a entidade a consolidarse. O seguinte será a inauguración oficial da súa propia sede, situada na rúa Francisco Añón. Alí establecerase tamén outro dos novos proxectos persoais de Luigi Citro: a Selección Colombiana Coruña Oficial, que terá ese espazo como casa deportiva e social.

Un Biancoazurri ambicioso e multicultural

O obxectivo do Biancoazurri Pizzería San Gennaro é claro: o ascenso. Mais, como insiste o propio Luigi, “se non se consegue non pasa nada; volveremos a intentalo, haberá máis oportunidades”. A liga preséntase igualada, con

equipos de nivel como Toque Latino ou Sumac. Con todo, este Biancoazurri non ten nada que envexar e afronta o curso decidido a pelexar por todo.

A chegada de ata doce fichaxes deu un salto cualitativo ao equipo, que destaca pola súa diversidade cultural. Na actual plantilla conviven xogadores de múltiples nacionalidades: dous italianos, cinco brasileiros, catorce colombianos, un maliense, cinco peruanos, un ecuatoriano, dous venezolanos e un español. Como curiosidade, o Biancoazurri é o equipo con máis futbolistas zurdos de toda a competición.

No plano individual, o conxunto conta con xogadores determinantes. Miguel Ángel Ovalle, un goleador nato, suma xa 18 tantos en apenas oito partidos xogando como extremo e coa dereita como perna boa. A el súmanse nomes como Bakkari Cámara, que acumula 16 dianas, ou Álex Moreira, ou-

ROCA

Santiuste

REFORMAS INTEGRALES
PROYECTOS DE INTERIORISMO

Av. Arteixo 80 - San Andrés 121 www.rocasantiuste.com

TU RODICIO BRASILEÑO EN OLEIROS

Comida brasileña, restaurante tradicional de carne a la brasa, especialistas en rodizio brasileño o espeto corrido, caipirinha, sangría, postres típicos brasileños... Salón comedor privado para fiestas y celebraciones, comidas de empresa, reuniones de trabajo, bodas...

www.rodicioportoalegre.es

981 977 725

CHURRASCARIA PORTO ALEGRE

RODIZIO

churrascariaporto@hotmail.com

Suárez Picallo, 8 - Santa Cruz - 15179 Oleiros



WWW.JLPUBLICACIONES.COM

tro dos futbolistas máis destacados do curso. Entre as grandes aparicións está o mozo Fabián, unha das xoias do equipo, que en categoría federada compite no Brexo Lema despois de ser descuberto polo propio Luigi no Biancoazurri.

O equipo adoita disputar os seus partidos en A Torre, Universidade Laboral e San Pedro de Nós.

Ligazón eterna co Torre SD

Alén do Biancoazurri, Luigi Citro mantén unha forte unión co Club Torre SD. Aínda que xa non forma parte da entidade, segue cada novidade do club coma se fose propia. “Quero aproveitar para mandarlle unha perta grande a Antonio Dubra, o alma máter do Torre e que deixou paso na presidencia. Tamén felicitar a Fran Quiroga polo gran traballo que está a facer, e a Rocha, que é o director deportivo”, reconece Luigi, sempre atento ao que acontece na que foi a súa casa deportiva.

San Gennaro: o sabor de Italia na Coruña

O outro gran proxecto de Luigi vive nun ámbito completamente diferente pero cunha paixón idéntica: a hostalaría. O seu local, Pizzería San Gennaro, recentemente aberto na rúa Francisco Añón, é xa un punto de referencia para os amantes da gastronomía. Un espazo que fai a boca auga a media cidade e que ofrece unha proposta única, con receitas que gardan segredos “ao máis puro estilo Italia”.

Luigi procede precisamente desa terra, da patria da pasta e das mellores pizzas do mundo. A familia tamén forma parte desta historia: a súa curmá, Rosanna Citro, vén de gañar o World Glutine 2025 na categoría sen glute, engadindo outro galardón ao seu xa extenso palmarés.

Ademais, Luigi e o seu socio apostan por colaborar co deporte local. Patrocinan as redes sociais do Brexo Lema Feminino, un equipo de pádel e outro da competición universitaria, reforzando a súa contribución á comunidade deportiva coruñesa.

O segredo do éxito, segundo Luigi

Luigi exprésao así, en palabras que falan da súa filosofía vital e profesional: “O segredo realmente propio é non morrer de éxito. Facer as cousas con cri-



terio e determinación. Se queres a miña opinión, son varios: ser persistente coas túas metas, non esquecer nunca de onde vés nin as túas raíces, facer o que fas con amor e dedicación, e encargarnos de que comer a nosa pizza sexa unha experiencia que traslade ao sur de Italia”.

Sobre a masa, Luigi engade:

“A nosa masa é unha mestura de tradición do sur de Italia e experiencia acumulada en moitos anos. San Gennaro elaborou unha pizza especial que reflicte totalmente a Campania. Non falamos de facer pizza napolitana, ou si, pero ao noso estilo! Porque en Coruña facer ou dicir que fas unha pizza napolitana sería unha mentira, comezando porque non tes a auga de Nápoles! A calidade da materia prima, unida a unha masa crocante, esponxosa e saborosa ao mesmo tempo, permítenos crear esta explosión de sabores. Estamos moi agradecidos aos nosos clientes e á cidade da Coruña por este recibimento tan exitoso”.

E deixa unha última tentación: “A especialidade da casa? O Panuozzo. Agardámosvos”.



Antonio Ruibal
QUIROPRÁCTICO

Miembro de la Asociación Española de Quiropráctica No. 1038

dr.ruibal@gmail.com www.vertebral.es

C/ Concepción Arenal, 1 -Bloque 2- 1a LA CORUÑA
Rúa Amor Ruibal, 31-1A SANTIAGO
Rúa Padres Pasionistas, 20-Bajo CALDAS DE REIS

Telf: 609 82 69 67



Tienda Marinera
Decoración · Regalos · Moda
www.km0fisterra.com 652 42 48 83 info@km0fisterra.com
km.0fisterra Km.0 Fisterra regalo y souvenirs
Calle Santa Catalina, 37 Bajo - 15155 Fisterra (A Coruña)





O MOTOR GALEGO VIVIU UN 2025 INESQUECIBLE

Títulos, regresos, dominio autonómico e unha xeración que lidera o automovilismo español.

O ano 2025 foi un dos máis completos que se lembran no automovilismo galego. Galicia sumou títulos nacionais, estivo presente en todas as loitas importantes e viu como os seus pilotos volvéronse protagonistas absolutos tanto nos rallyes autonómicos como nos estatais.

Jorge Cagiao: campión de España de Rallyes de Asfalto e referencia indiscutible

O gran nome do ano foi Jorge Cagiao, proclamado campión de España de Rallyes de Asfalto (CERA) tras unha tempada impecable. O Alpine funcionou á perfección e o piloto de Narón mantivo un nivel altísimo de principio

a fin, unindo velocidade, precisión e unha madurez evidente.

Ademais, participou puntualmente no Rally Terra de Galicia, proba do CERT, e gañou con autoridade, demostrando unha vez máis a súa capacidade para adaptarse a calquera superficie.

Pensando xa en 2026, o Recalvi Team fixo que Cagiao competise na última proba da tempada do Supercampeonato de España, o Rallye La Nucía. Non era ningún debut en Rally2 —pois xa pilotara este tipo de coches antes—, senón o seu debut real dentro do S-CER, para medir o nivel do certame no que competirá a partir de 2026.

A súa resposta foi extraordinaria: gañou sobre o terreo. Pero unha decisión

Talleres LA GROUFA

MECÁNICA EN GENERAL

TLF.: 981 602 158

Avda. Finisterre, 53 - 15142 - Arteixo (A Coruña)

Neumáticos · Llantas · Frenos · Amortiguadores

Aceite · Escapes · Lavado a mano

T: 981 672 064
Rúa Paraíso, 23
15175 Carral - A Coruña

info@neumaticoschema.com
www.neumaticoschema.com
Siguenos en f NeumaticosChema

TALLERES MECAUTO

www.talleresmecauto.es

MECÁNICA DE AUTOMÓVILES Y FURGONETAS

DIAGNOSIS GENERAL - REPARACIÓN - REVISIONES - ITV

REPARACIONES Y RECAMBIOS DE COCHES SIN CARNET

☎ 679 958 788 ☎ 981 563 709 ☎ 981 586 307

🕒 Lunes a Viernes 8:00 a 13:00 - 15:00 a 19:30

✉ talleres.mecauto@talleresmecauto.es

📍 Torreira, 31 Bajo - VISTA ALEGRE - 15898 - Santiago de Compostela



WWW.JLPUBLICACIONES.COM

CORUÑA SPORT - 65
MOTOR

estratéxica do equipo, facendo que chegase tarde ao control final, implicou unha penalización de 20 segundos, caendo ao terceiro posto. Ese movemento deixou o subcampeonato do S-CER en mans doutro galego: Javi Pardo.

Javi Pardo: un ritmo de campión que non tivo calendario de campión

Javi Pardo, de Allariz, protagonizou unha tempada espectacular. Estivo a nivel de título no Supercampeonato e en moitos rallyes foi incluso máis rápido que Cohete Suárez.

Pero a súa condición de piloto 2 no Recalvi Team condicionou totalmente o seu ano: quedou fóra de probas claves como Llanes e o RACC, algo que fixo imposible unha loita directa polo título.

A sensación é nítida: se Pardo tivese programa completo, teriamos vivido unha pelexa épica polo S-CER ata o último metro.

Víctor Senra: nove títulos galegos consecutivos

No ámbito autonómico, o dominador segue sendo Víctor Senra. O de Dumbría logrou o seu noveno título galego consecutivo, unha cifra impresionante e difícil de imaxinar noutra época.

O debate sobre o uso dun WRC é recorrente, pero as normas o permiten e, ademais, Senra xa gañara anteriormente con R5 e Rally2. A súa superioridade é máis cuestión de talento que de coche.

A verdadeira pena da afección é non velo competir no Supercampeonato: ninguén dubida de que tamén alí estaría na loita polo título.

Iván Ares: regreso espectacular e candidato inmediato ao 2026

Unha das grandes noticias do ano foi o regreso de Iván Ares no tramo final da tempada. Estreouse con Toyota tras moitos anos ligado a Hyundai... e fíxoo cun nivel altísimo.

O balance fala só: dous podios en dúas probas, ritmo fortísimo e adaptación inmediata ao novo coche. Todo indica que en 2026 será un dos grandes aspirantes ao título.

Alberto Meira: subcampión galego e campión da Copa R5

No Campionato Galego, Alberto Meira volveu estar excelente. Foi subcampión, pelexando con Senra ata o final, e ademais gañou a Copa Supercampeonato R5, por diante dun gran Dani Berdomás.

Serio, constante, querido pola afección e competitivo como sempre: outro ano de nivel altísimo para o piloto de Vincios.

Dani Berdomás: confirmación dun talento en ascenso

Dani Berdomás completou un 2025 magnífico. Foi terceiro no Campionato Galego e deixou actuacións de moito nivel en varias probas nacionais, incluíndo podios de enorme mérito.

É outro dos nomes que apuntan moi alto para o futuro inmediato.

O Rally Terra de Galicia: regreso triunfal do CERT á comunidade

Outro fíto importante do ano foi o regreso do Campionato de España de Rallyes de Terra a Galicia. O novo Rally Terra de Galicia colleu o relevo histórico do Terra da Auga e converteuse nun éxito rotundo de organización, seguimento e calidade deportiva.

E, como guinda, gañouno un galego: Jorge Cagiao.

Galicia manda

O 2025 deixou claro que Galicia non só participa no automovilismo español: marca o ritmo, gaña títulos e enche de talento todas as categorías. E, o mellor, é que esta xeración aínda non chegou ao seu límite.



Veimar

Carpintería de madera en general
Especialización en: muebles de
cocina, baño y armarios a medida.
Montaje y desmontaje de muebles



Rúa Laxe 65 · 15174 CULLEREDO · Víctor: 620 037 461 · @: victor_vm@hotmail.es



Fernando Couceiro Carro
696 96 86 69

● REFORMAS DE BAÑOS Y COCINAS

● IMPERMEABILIZACIONES

● REHABILITACIÓN DE CASAS

● TODO TIPO DE CONSTRUCCIÓN

Lugar de Raxas, 27 · 15319 Bergondo · fernandocouceirocarro@gmail.com



ÓPTICA SOUTO

ÓPTICA SOUTO

☎ 981 140 768

📍 Ronda de Outeiro, 230 B

✉ optisouto@gmail.com

DON XARDIN

- Podas
- Desbroces
- Mantenimientos Integrales
- Sistema de riego automático

**COMUNIDADES-FINCAS
PARCELAS-PARTICULARES**

**Pida presupuesto
sin compromiso**  **671 01 52 73**

PELUQUERÍA
de caballeros

Alberto

Telf. 668 55 58 70 · lg. O Curro. nº 2. 15175 Carral

Juan Carlos L.S

**TRABAJOS AGRÍCOLAS
DESBROCES Y JARDINERÍA**

 **697 227 148**

Juan Carlos López Suárez
Samoedo, 140 - 15160 SADA (A Coruña)

**MADERAS
DANS**

Empresa especializada en la compra - venta de maderas. Servicio de fabricación de tarimas, frisos y listonajes varios.

 **dans@maderasdans.com**  **981 676 919**

Camino da Carreira, 8 - A Xira Sigras - 15181 - Cambre (A Coruña)

Supermercado Couto

 **981 618 095**

Golfiño, 70 Bajo - LORBE - 15177 - Oleiros (A Coruña)

DUDÚ

Elaboración de tartas.
Galletas personalizadas.
Mesas dulces
Bizcochos

Carretera de Eirís 19 bajo
Tfn. 650916736
@dududuendedulce

CAÑÁS
Panadería - Pastelería

Rúa Belvis de Paleo, n.º 3 CARRAL · 15175 A Coruña

 **981 672 652**

CAFÉ
Santiago Apostol

**Cafetería
Heladería
Pastelería**

Tlf. 981 72 18 46
Vila Fano, 11 - bajo
15113 - MALPICA
(A Coruña)

TAPICAR CORUÑA
Tapicería en general

Síguenos  

Avda. Manuel Platas Varela, 98- Bj
15142 - Villarrodis - Arteixo (A Coruña)
tapiceriatapicar@gmail.com

 **981 640 759**
660 134 641

PINTURA Y DECORACION
PEIRO BRANDON NEGREIRA

 **606 513 836**

C/ Pedra Furada, 9 - 1º
CARBALLO (A CORUÑA)

ESPOREFORMAS

- FALSOS TECHOS
- TABIQUERÍA
- ALBAÑILERÍA
- ALICATADOS
- PINTURA
- REFORMAS
- DESESCOMBRO

ESPOREFORMAS@GMAIL.COM **670 889 163**



Gastronomía Colombiana

Lunes, Miércoles, Jueves y Viernes 8:00 a 00:30
Sábado y festivos de 9:00 a 00:30 / Domingo de 10:00 a 00:30
Martes Cerrado



Pedidos a domicilio

981 05 66 87

@isabellacafe_coruna

Rúa Alcalde Marchesi, 20, Bajo, 15006 A Coruña

BigMat

Crea

Bienvenidos a BigMat Crea, la red de centros para profesionales de la construcción en la provincia de A Coruña.

Con seis tiendas a su disposición, BigMat Crea pone al servicio de los expertos la más amplia variedad de materiales, herramientas, productos y servicios del mercado relacionados con el mundo de la construcción. Además, le ofrecemos servicios de asesoramiento, financiación y asistencia en obra para hacer de su trabajo una experiencia mucho más sencilla.



**AV. Quinta 105, Polígono de
PO.CO.MA.CO
15190 A Coruña, A Coruña
Teléfono: 881 850 020**



**BIGMAT CARBALLO
Fomento, 31
15102 Carballo, A Coruña
Teléfono: 981 700 514**



**BIGMAT A CABANA
22 Ponteceso de cabana
15115 A Coruña
Teléfono: 981 715 014**



**BIGMAT MALPICA
Rúa Pedra Queimada, 1
15113 Malpica, A Coruña
Teléfono: 981 715 014**



**SOLUCIONES
a tu
medida**



**BIGMAT A CARBALLO
Villa de Órdenes, 31
15100 Carballo, A Coruña
Teléfono: 981 700 475**

EI CENTRO
para
Profesionales de la
CONSTRUCCIÓN
en *Coruña*

La **MAYOR**
selección de
PRODUCTOS
para el
Profesional

EXPERIENCIA
al **SERVICIO**
de los
Expertos